

Premios Aprendizaxe-Servizo 2016

Bases para a presentación de proxectos

A **Rede Española de Aprendizaxe-Servizo**, **Educo** e a **Editorial Edebé** convocan os centros de Educación Infantil-Primaria, ESO-Bacharelato e Formación Profesional, así como entidades sociais aos **Premios Aprendizaxe-Servizo 2016**.

Obxectivos do premio

1. Recoñecer o labor dos centros educativos e entidades sociais que integran a aprendizaxe dos estudantes con accións solidarias destinadas a mellorar a calidade de vida da comunidade.
2. Recoñecer as prácticas de aprendizaxe-servizo como ferramenta de éxito educativo e compromiso social.
3. Fortalecer e difundir unha cultura participativa, solidaria e de compromiso cívico, estimulando a divulgación e implementación da aprendizaxe-servizo.

Características e requisitos

1. Quen pode participar?

Poderán participar na convocatoria dos Premios de Aprendizaxe-Servizo 2016 todos os **centros educativos** públicos, concertados ou privados, dos niveis de Infantil-Primaria, ESO-Bacharelato e Formación Profesional que estean desenvolvendo prácticas de aprendizaxe-servizo en calquera das Comunidades Autónomas.

Tamén poden participar as **entidades sociais** (movementos e asociacións xuvenís, clubs de tempo libre e agrupacións scout, asociacións de voluntariado, medioambientais, culturais, etc.) que estean desenvolvendo prácticas de aprendizaxe-servizo en calquera das Comunidades Autónomas.

Os centros educativos e entidades sociais que foron premiados na anterior convocatoria non poden volver a presentar o mesmo proxecto.

Posto que os premios se dirixen aos sectores educativos non-universitarios, as institucións universitarias non poderán participar presentando proxectos cuxos protagonistas sexan estudantes universitarios, pero poderán participar universidades que colaboran cos centros educativos ou entidades sociais que se presentan a esta convocatoria.

É indispensable que a presentación do proxecto á convocatoria estea avalada pola **directora ou director da institución** (centro educativo ou entidade social), non só pola persoa responsable do proxecto.

2. Que tipo de proxectos se poden presentar?

Só se aceptarán proxectos de aprendizaxe-servizo que se levaran a cabo integramente no **curso 2015-2016**. Polo tanto, non se terán en conta experiencias realizadas e concluídas antes deste período ou ben proxectos aínda non concretados na práctica.

A experiencia de aprendizaxe-servizo que se pode presentar debería identificarse cun destes tres modelos:

Modelo A): Un proxecto dun grupo-clase nunha ou máis materias.

Modelo B): Un proxecto de todo o centro educativo ou entidade social.

Modelo C): Un proxecto compartido por diversos centros educativos ou entidades sociais.

Serán valorados especialmente os proxectos nos que traballan en rede centros educativos e entidades sociais.

Entendemos por **aprendizaxe-servizo**:

Unha proposta educativa que combina procesos de aprendizaxe e de servizo á comunidade nun só proxecto ben articulado onde as e as participantes aprenden a traballar en necesidades reais do contorno coa finalidade de melloralo.

3. Que se valorará especialmente?

- Vinculación estreita entre as aprendizaxes e o servizo realizado.
- Envergadura da práctica atendendo á cantidade de nenas, nenos e xuventude implicados no proxecto, a cantidade de persoas destinatarias do servizo e a duración do proxecto.
- Autenticidade e relevancia da necesidade social á que atenden as nenas, os nenos e a mocidade a través do servizo.
- Traballo en rede entre centros educativos e entidades sociais do territorio para levar a cabo o proxecto.
- Servizo desenvolvido fóra do centro educativo ou a entidade social e no seu contorno próximo, que provoca un impacto visible no mesmo.
- Participación activa das nenas, os nenos e a mocidade ao longo de todo o proxecto: na detección de necesidades, o deseño do proxecto, a súa realización e a avaliación final.
- Accións que promovan a reflexión e o pensamento crítico na aprendizaxe do alumnado.
- Proxectos que inclúan accións de sensibilización/concienciación social da comunidade sobre a temática tratada no proxecto.
- Proxectos protagonizados por poboación en risco de exclusión social.
- Proxectos de difusión e apoio aos dereitos humanos e aos dereitos da infancia.

4. Como se presenta un proxecto?

Cada proxecto presentarase en **formato dixital** e en **calquera das linguas oficiais** do Estado a través de:

1. Un **formulario** de inscrición. (Anexo 1).
2. Un **documento** descritivo do proxecto (Anexo 2), de como máximo 4.000 palabras e 12 páxinas. No caso de proxectos de todo o centro educativo, ou proxectos compartidos por diferentes centros e/ou entidades ao mesmo tempo, o modelo de documento do Anexo 2 contempla máis espazo para describilos.
3. Un **vídeo** sobre a experiencia. (Anexo 3).

Só se admitirá **un máximo de 2 proxectos** por centro/entidade participante e deben ser de categorías diferentes (ver apartado 6).

Descartaranse todas as presentacións que excedan as dimensións indicadas ou non presenten algún dos compoñentes que se especifican no Anexo 2.

5. Onde e cando se debe enviar o proxecto?

Para participar na convocatoria débense enviar o formulario de inscrición, o documento do proxecto e o vídeo **a partir do 1 de xuño e ata o 20 de setembro de 2016**, a través da web dos Premios Aprendizaxe-Servizo: www.aprendizajeservicio.com

6. Que premios hai?

Hai tres categorías de premios:

- A. Infantil-Primaria.
- B. ESO-Bacharelato
- C. Formación Profesional, en calquera nivel: Básica, Grao Medio ou Grao Superior.

As entidades sociais deberíanse presentar na categoría correspondente aos tramos de idades coas que traballan.

En cada unha destas tres categorías de premios outorgaranse:

- Un primeiro premio de 2.000 €.
- Un segundo premio de 1.500 €.

Un dos tres primeiros premios será de promoción da saúde.

O importe do premio debe ser investido en desenvolver e estender a experiencia presentada, ou para iniciar unha nova. No caso de que a experiencia sexa presentada por máis dun centro educativo ou entidade social, as partes implicadas acordarán como repartir o premio e o xurado entenderá que a presentación da experiencia xa comporta este acordo previo.

O anuncio dos proxectos premiados realizarase durante o mes de outubro de 2016 na web dos Premios Aprendizaxe-Servizo www.aprendizajeservicio.com

8. Quen avalía os proxectos?

O xurado está composto por membros da Rede Española de Aprendizaxe-Servizo, de Educo e da Editorial Edebé.

9. Aceptación das bases

A participación dos centros educativos e entidades sociais nos Premios de Aprendizaxe-Servizo 2016 implica a aceptación das bases desta convocatoria, así como as resolucións do Xurado, que decidirá en instancia única e sen recurso de reconsideración nin de apelación.

Unha vez coñecida a decisión do xurado, todos os proxectos que se presenten a esta convocatoria, independentemente de que foran premiados ou non, poderán ser incluídos nun banco de experiencias co obxectivo de dar difusión ás boas prácticas de aprendizaxe-servizo que se realizan en España. Esta recompilación de proxectos poderase publicar nas webs das entidades convocantes.

ANEXO 1. Formulario de inscrición

Este formulario acompañarase do documento que desenvolva o proxecto.

Título do proxecto:	
Nome do centro ou entidade responsable que lidera o proxecto	Natureza: <input type="checkbox"/> Centro educativo (Infantil-Primaria, Secundaria, Bacharelato, Formación Profesional). <input type="checkbox"/> Entidade social (Asociación, Fundación, Centro de Tempo Libre, Grupo Scout).
Enderezo:	
Poboación:	Código postal:
Teléfono:	NIF do centro ou entidade:
Correo electrónico do centro:	
Persoa responsable do proxecto no centro:	Directora / Director do centro:
Correo electrónico:	Correo electrónico:
Sinopse do proxecto: Máximo 150 palabras. (Debe coincidir co texto do documento presentado)	
Data de inicio do proxecto:	Data de finalización:
Ligazón do vídeo que acompaña o proxecto:	

Envergadura <input type="checkbox"/> Modelo A. Proxecto dun grupo-clase. <input type="checkbox"/> Modelo B. Proxecto de todo o centro educativo ou toda a entidade social. <input type="checkbox"/> Modelo C. Proxecto compartido con outros centros educativos ou outras entidades sociais.	
Nivel educativo: <input type="checkbox"/> Infantil-Primaria <input type="checkbox"/> ESO-Bacharelato <input type="checkbox"/> Formación Profesional	Número de nenas, nenos, mozas e mozos participantes: Curso/Idade dos participantes:
Están as nenas, nenos, mozas e mozos participantes nalgũa situación de dificultade social ou de menores oportunidades? <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> SI En caso de que si, cal?:	
Materias ou espazos curriculares en que se inscribe o proxecto: <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>	Número e características das persoas destinatarias do proxecto:
Entidades/Institucións que colaboran impulsando o proxecto:	
Ámbito do servizo: Sinalar o que proceda, tendo en conta que se refire ao ámbito de destino do servizo e non ao que pertencen os actores do mesmo. <input type="checkbox"/> Acompañamento á formación e á lectura <input type="checkbox"/> Apoio ás persoas con necesidades especiais <input type="checkbox"/> Apoio ás persoas maiores <input type="checkbox"/> Protección da natureza, animais e medio ambiente <input type="checkbox"/> Participación cidadá <input type="checkbox"/> Dereitos Humanos/Dereitos da Infancia <input type="checkbox"/> Inclusión social/Fomento da convivencia/Interculturalidade <input type="checkbox"/> Cooperación ao desenvolvemento <input type="checkbox"/> Promoción da saúde e a seguridade <input type="checkbox"/> Arte e patrimonio cultural, artístico e histórico <input type="checkbox"/> Difusión das TIC <input type="checkbox"/> Outros (especificar):	

Premios Aprendizaxe-Servizo 2016

ANEXO 2. Modelo de documento do proxecto que se debe presentar á convocatoria

Requisitos

- a) Para acceder á convocatoria é necesario presentar un documento que describa o proxecto, xunto co formulario de solicitude de participación, ambos en formato dixital e acompañados dun vídeo da experiencia.
- b) En calquera caso, tratarase dun proxecto que se levara a cabo na práctica, non unha idea aínda pendente de concretar.
- c) O documento **non deberá exceder as 12 páxinas nin máis de 4.000 palabras**. Excepcionalmente, nos proxectos Modelos B e C poderase dispoñer de ata 2 páxinas e 1.000 palabras máis, que se desenvolverán no apartado 0.
- d) Poderá incorporar esquemas, fotos e todo tipo de ilustracións sempre e cando non se supere nin o número de páxinas nin o número de caracteres.
- e) O documento deberá describir necesariamente os 15 apartados que se detallan a continuación:
 0. Marco xeral (Introdución **só** para os proxectos Modelo B e Modelo C).
 1. Sinopse do proxecto.
 2. Ficha técnica.
 3. Necesidade social que atende o proxecto.
 4. Necesidades educativas das mozas e mozos.
 5. Obxectivos de aprendizaxe e vinculacións curriculares.
 6. Obxectivos do servizo que se deben realizar.
 7. Participación e protagonismo das mozas e mozos.
 8. Traballo en rede que require o proxecto.
 9. Calendario e descrición das fases do proxecto.
 10. Actividades de aprendizaxe e de reflexión.
 11. Actividades de servizo e impacto na contorno.
 12. Celebración.
 13. Difusión.
 14. Orzamento, recursos humanos e materiais.
 15. Avaliación do proxecto.

Orientacións para redactar o proxecto

0. Marco do proxecto

Atención: Este apartado só é para os proxectos Modelo B e Modelo C. Destinarase a describir a envergadura do proxecto da maneira máis clara e concisa posible, nunha extensión non superior a 2 páxinas ou 1.000 palabras. Especificarase a relación e coordinación existente entre as entidades/centros partícipes no proxecto.

Os apartados seguintes referiranse exclusivamente a un proxecto concreto, aínda que neste apartado 0 se citen máis de un.

1. Sinopse do proxecto (debe coincidir coa información do formulario de inscrición)

Breve e clara introdución ao proxecto, **non superior a 150 palabras**, en que se describe resumidamente o servizo que levan a cabo os participantes así como a aprendizaxe básica que se consegue.

2. Ficha técnica (debe coincidir coa información do **formulario de inscrición**)

- Título do proxecto.
- Nome do centro ou entidade responsable e datos (enderezo, poboación, código postal, teléfono, NIF, correo electrónico do centro).
- Persoa responsable e correo electrónico da persoa responsable.
- Ligazón do vídeo que acompaña o proxecto.
- Envergadura do proxecto (citar Modelo A, B o C).
- Curso /idade e número das nenas, nenos, mozas e mozos participantes.
- Materias ou espazos curriculares.

- Número e características das persoas destinatarias do proxecto.
- Entidades/Institucións que colaboran impulsando o proxecto.
- Ámbito do servizo.

3. Necesidade social que atende o proxecto

Describir brevemente o reto, problema ou necesidade social concreta (cultural, asistencial, educativa, medioambiental, sanitaria, dereitos humanos...) no que incide o proxecto e sobre o cal traballan as mozas e mozos participantes.

Exemplos: incidencia dos accidentes de tráfico na poboación, aumento dos casos de malnutrición, degradación do contorno natural, situación de illamento das persoas maiores, descoñecemento do patrimonio arquitectónico por parte da poboación...

4. Necesidades educativas das mozas e mozos

Xustificar a idoneidade do proxecto en base ás necesidades educativas das mozas e mozos.

Exemplos: actitudes pouco respectuosas da mocidade cara ás persoas maiores; pouca valoración cara ao patrimonio arquitectónico da poboación; interese e motivación pola natureza; necesidade de adestramento das habilidades de traballo en grupo...

5. Obxectivos de aprendizaxe e vinculacións curriculares

Citar aquí os obxectivos educativos centrais do proxecto. Recomendamos citar de maneira sucinta e clara só os 3 ou 4 máis significativos neste proxecto.

Relacionar o servizo que se realiza cos contidos das materias académicas ou espazos curriculares nos que se localiza o proxecto, ou ben, no caso de entidades sociais, coas áreas educativas que lle son propias. Recomendamos expresar esta relación nun esquema.

6. Obxectivos do servizo que se deben realizar

Citar aquí os resultados tanxibles e actuacións concretas que se deben alcanzar a través do servizo.

Exemplos: organizar un obradoiro de música con persoas maiores e elaborar con elas un cancionero; construír 20 caixas niño e colocalas no bosque; elaborar un vídeo de promoción e organizar sete visitas guiadas ao monumento X...

7. Participación e protagonismo das mozas e mozos

Describir aquí como se estimulou a participación e o protagonismo desde o inicio do proxecto, no seu desenvolvemento e na súa avaliación.

Exemplos: Como xurdiu a idea e como a aceptou o grupo, reparto de tarefas e control das mesmas, elección do nome do proxecto, compromiso persoal esixido, control e valoración dos resultados, etcétera.

8. Traballo en rede que require o proxecto

Citar aquí as entidades, centros ou institucións que comparten o proxecto, explicando cal é o seu papel nel e como se coordinan entre elas.

9. Calendario e descrición das fases do proxecto

Presentar un esquema temporal do desenvolvemento do proxecto cunha breve descrición das fases do mesmo.

10. Actividades de aprendizaxe e de reflexión

Describir as principais actividades de aprendizaxe directamente vinculadas ao proxecto. Son actividades da aula e tamén de investigación sobre o terreo ou traballo de campo.

Por exemplo, no caso dun proxecto de protección e difusión dun parque público: visita ao parque público para detectar problemas e necesidades deste, análise do deterioro que sofre, estudo das especies vexetais máis axeitadas, reflexión sobre as causas e consecuencias, etcétera.

11. Actividades de servizo e impacto no contorno

Describir o "mans á obra", é dicir, as principais actividades e tarefas do servizo que realizaron as mozas e mozos e a súa repercusión no contorno.

Por exemplo: preparación, organización e posta en práctica da campaña de limpeza da zona; elaboración de carteis ou vídeos de difusión da campaña entre a veciñanza, reunión coa asociación de veciños para presentar a campaña e pedir a súa colaboración, plantación de árbores...

12. Celebración

Describir como se mostra/celebra o resultado do proxecto: festa, acto de recoñecemento, encontro cos destinatarios, espazo nas actividades de final do curso do centro.

13. Difusión

Describir que medios e estratexias se utilizaron para dar a coñecer o proxecto no contorno e coas familias: web, reunións informativas, redes sociais, prensa, dípticos, televisión...

14. Orzamento, recursos humanos e materiais

Resumir o orzamento do proxecto, citando os recursos que mobiliza o centro ou entidade para facelo posible: docentes, voluntariado, persoas colaboradoras, apoio institucional, subvencións ou convenios, recursos da entidade destinataria, etcétera.

15. Avaliación do proxecto

Citar as conclusións da avaliación realizada do proxecto, tanto na súa dimensión pedagóxica como na súa dimensión de servizo (se se alcanzaron ou non os obxectivos propostos, as dificultades detectadas...) mencionando o nivel alcanzado de participación dos protagonistas, a valoración que fixo a entidade social ou as persoas destinatarias, puntos fortes e puntos que se deben mellorar do proxecto, etcétera.

Premios Aprendizaxe-Servizo 2016

ANEXO 3. Bases para a presentación do vídeo

O vídeo acompañarase do formulario de inscrición e do documento que desenvolve o proxecto.

Obxectivo do vídeo:

O vídeo que acompaña o documento descritivo do proxecto de aprendizaxe-servizo ten como finalidade ilustrar o mesmo, especialmente a posta en práctica do proxecto; recoller aqueles aspectos que as/os participantes desexen acentuar e contribuír á difusión do proxecto concreto e da aprendizaxe-servizo en xeral.

Requisitos

1. Só se presentará un vídeo por proxecto de aprendizaxe-servizo.
2. O vídeo debe ser orixinal e os autores deberán utilizar imaxes e bandas sonoras libres de dereitos.
3. Non se admiten vídeos que traten de temáticas distintas ao proxecto presentado, que teñan contidos publicitarios ou contrarios aos valores éticos que inspiran a pedagogía de aprendizaxe-servizo.
4. Os vídeos débense subir a Youtube ou Vimeo na modalidade "público" e poñer a ligazón na folia de inscrición e no documento do proxecto que se presenta á convocatoria.
5. Valoraranse especialmente aqueles vídeos que, mantendo a finalidade de ilustrar claramente o proxecto, teñan unha duración breve non superior a 5 minutos.

Responsabilidades legais

1. Os responsables do proxecto deberán velar por que se obtivese o consentimento das persoas que aparecen no vídeo e o consentimento das nais, pais ou titores/as legais das nenas e nenos menores de idade¹.
2. A Rede Española de Aprendizaxe-Servizo, Educo e Edebé entenden que os centros educativos e entidades sociais que participan nesta convocatoria contan con este consentimento debidamente asinado polas familias ou titoras/es legais e, polo tanto, declinan calquera responsabilidade.
3. Os autores dos vídeos aceptan adherirse á licenza Creative Commons (by-nc-nd)² e, polo tanto, son coñecedores de que as obras que envíen ao concurso poden ser utilizadas por todos os que queiran sempre que se cite a fonte (autor/a, centro educativo ou entidade social e data).
4. A Rede Española de Aprendizaxe-Servizo, Educo e Edebé declinan calquera responsabilidade legal relacionada co contido dos vídeos presentados; co incumprimento en materia de propiedade intelectual, industrial ou de imaxe e co cumprimento parcial das bases desta convocatoria por parte das/os participantes, sendo as autoras/es as únicas responsables legais do vídeo e dos seus contidos.
5. A participación neste concurso implica a aceptación e o compromiso do cumprimento destas bases.

¹Atendendo o artigo 18.1 da Constitución, regulado pola Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, sobre o dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, o artigo 18.4 e regulado pola Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

²Recoñecemento – Non Comercial – Sen Obra Derivada (by-nc-nd).